



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO: ACCIÓN SOCIAL, CULTURAL E DEPORTE
SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES

Expediente: 2025000004275

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBAN AS BASES E O ORZAMENTO DE GASTOS DA CONVOCATORIA DO XI CIRCUÍTO DE CARREIRAS DEPUTACIÓN DA CORUÑA

Don **VALENTIN GONZALEZ FORMOSO** , Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vistos os informes da Sección de Cultura e Deportes, Secretaria Xeral e Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases da convocatoria do “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*”, que estará integrado por 35 carreiras populares que se van celebrar dende marzo ata o 31 de decembro de 2025, na provincia da Coruña.

O “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*” desenvolverase segundo as seguintes

BASES

A Deputación Provincial da Coruña convoca o “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*”, que estará integrado por 35 carreiras populares que se celebrará no ano 2025 na provincia da Coruña.

1. PARTICIPANTES

Poderán participar no “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*” todos os concellos da provincia da Coruña que organicen carreiras populares que se celebren no ano 2025, na provincia da Coruña.

É imprescindible que as carreiras que integren o Circuito estean inscritas no calendario oficial da Federación Gallega de Atletismo e contén coas seguintes categorías:

	CATEGORÍA	IDADE
MENORES	Sub10	Nados/as en 2016-2017
	Sub12	Nados/as en 2014-2015
	Sub14	Nados/as en 2012-2013
	Sub16	Nados/as en 2010-2011

	Sub18	Nados/as en 2008-2009
ABSOLUTA	Sub20	Nados/as en 2006-2007
	Sub23	Nados/as en 2003-2004-2005
	Sénior	Nados/as en 2002 ata 1991
	Máster 1	Nados/as en 1990 ata 1985
	Máster 2	Nados/as en 1984 ata 1975
	Máster 3	Nados/as en 1974 ata 1965
	Máster 4	Nados/as antes do ano 1965

Poderán participar nas carreiras deste Circuito todas as persoas interesadas que se integren en algunha destas categorías.

Todos os participantes no Circuito, polo simple feito de realizar a inscrición nalgunha carreira que o integra, aceptan todas e cada unha das presentes regras e no caso de dúbida, sempre prevalecerá o criterio da organización do “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*”.

As inscricións dos participantes en cada unha das carreiras populares poderase efectuar a través do sistema en liña na páxina web da FGA www.carreirasgalegas.com salvo no caso de que a organización respectiva desexe habilitar outro sistema, facilitando un link de acceso a dito sistema a través de www.carreirasgalegas.com

A listaxe das persoas inscritas será publicada na web da FGA ou no sistema habilitado para ditas inscricións, sendo actualizada diariamente.

2. INSCRICIÓN DOS CONCELLOS NO CIRCUÍTO E SELECCIÓN DAS CARREIRAS

Inscrición dos concellos

Logo da aprobación das presentes bases os concellos interesados en participar no “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*”, presentarán a súa solicitude de participación dentro do prazo indicado pola Deputación Provincial da Coruña.

Os concellos interesados só poderán presentar unha solicitude para unha única carreira popular, que terá que axustar o seu desenvolvemento ás bases aprobadas pola Deputación Provincial da Coruña.

De non ter a carreira inscrita no calendario oficial da Federación Gallega de Atletismo no momento de facer a solicitude de participación, os concellos seleccionados deberán inscribir a carreira no prazo dos 10 días

naturais contados a partir da notificación da resolución da Presidencia que aproba a relación das 35 carreiras que integrarán o “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*”.

As solicitudes para participar no “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*” presentaranse de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (**SUBTEL**).

A tramitación telemática aplicaráselle a todas as fases do procedemento (solicitud e concesión) e incluíranse en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e documentación e máis os envíos de documentación que fosen necesarios para tramitar os expedientes.

Criterios de selección das carreiras

Os criterios de selección das carreiras que formarán parte do circuito, son os que se sinalan deseguido:

- 1.- Antigüidade da carreira no calendario da Federación Galega de Atletismo (1 punto por ano de antigüidade, ata un máximo de 5 puntos).
- 2.- Número de participantes (na carreira do ano 2023 e do ano 2024) en tres grupos diferenciados:
 - De categoría sub20 a máster. Outórganse 0,10 puntos por corredor/a
 - Sub14, sub16 e sub18. Outórganse 0,15 puntos por corredor/a
 - Sub12 e sub10. Outórganse 0,15 puntos por corredor/a
- 3.- Homologación do circuito (10 puntos por carreira incluída no calendario nacional ou galego, nos anos 2023 e 2024).
- 4.- Carreira con cronometraxe de chips (10 puntos por carreira con cronometraxe de chips).
- 5.- Carreira que conte cun número de edicións celebradas inferior a 10 (0,5 puntos por edición realizada)
- 6.- Poderán terse en conta criterios de localización xeográfica e calendario de realización das carreiras, ata un máximo de 10 puntos.

Relación da selección das carreiras que formen parte do “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*”

A Deputación Provincial da Coruña, mediante resolución da Presidencia aprobará a relación das 35 carreiras que integrarán o “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*”, así como a relación do resto das carreiras que optaron a participar no “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*”, e que quedarán como suplentes, para o caso de que se produzan baixas.

Esta relación das 35 carreiras que integren o “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*”, queda condicionada á inscrición como carreira oficial no calendario da federación e á formalización en documento

administrativo do contrato correspondente para a coordinación e control técnico do citado circuío. De xeito que non formarán parte do “*XI Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña*”, as carreiras que se celebren antes de formalizar o contrato de coordinación e control técnico en documento administrativo.

No caso de que unha das carreiras fose seleccionada, por resolución da presidencia, para participar no XI Circuíto, e na data da súa realización o contrato administrativo non se houberse formalizado en documento administrativo, terá que modificarse a data da carreira para formar parte do XI Circuíto.

A selección das 35 carreiras que integrarán o “*XI Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña*” realizarase, logo da puntuación obtida en función da aplicación dos baremos establecidos para a selección das carreiras populares, do seguinte xeito:

a) 30 primeiras carreiras. Serán aquelas carreiras que obtivesen a maior puntuación de todas as solicitudes presentadas para formar parte do “*XI Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña*”.

b) 5 carreiras restantes. Serán aquelas carreiras que nunca formaron parte das anteriores edicións do circuío de carreiras, organizado pola Deputación provincial e que obtivesen a maior puntuación de entre as solicitudes presentadas para formar parte do “*XI Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña*”.

No caso de que todas as carreiras houberen participado en edicións anteriores, seguirase a orde de maior puntuación para a selección das 35 carreiras.

En caso de empate de puntos, para seleccionar a carreira se aplicarán para dirimir o desempate os criterios da selección das carreiras seguindo a súa orde ata obter o desempate.

Baixas, altas, ou modificación de datas das carreiras que formen parte do “*XI Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña*”

A carreira popular que **incumpra as bases aprobadas pola Deputación provincial**, despois do informe da Federación Galega de Atletismo e a conformidade da Deputación Provincial da Coruña, **causará baixa e será, excluída do circuío provincial de carreiras populares**, mediante resolución da Presidencia.

Esta exclusión implica a inhabilitación do concello a participar durante dous anos no circuío provincial de carreiras populares, caso de ser convocado pola Deputación provincial.

De producirse a baixa dalgunha carreira das que integran o “*XI Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña*”, entrará a formar parte deste a seguinte carreira (da listaxe de suplentes a) por máxima puntuación e b) por concellos que nunca estiveron incluídos no circuío) sempre e cando fose posíbel pola data da súa celebración. Dando prioridade á listaxe de suplentes que nunca estiveron incluídos no circuío.

A Deputación Provincial da Coruña, despois de petición razoada e autorización da Federación Galega de Atletismo, poderá, mediante resolución da Presidencia, autorizar o cambio na data da celebración da carreira, integrante no presente circuíto.

En ningún caso se autorizará cambio de data cando a petición se realice logo da data prevista inicialmente para a celebración da carreira (data que consta na resolución de Presidencia que designa as carreiras que integran o "*XI Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña*").

De non celebrarse unha das carreiras, sen coñecemento previo da Deputación da Coruña, con antelación suficiente para integrar no Circuíto unha nova carreira, esta causará baixa e será excluída do circuíto provincial. Esta exclusión implica a inhabilitación da entidade solicitante para participar durante dous anos no circuíto provincial de carreiras populares, caso de ser convocado pola Deputación provincial.

De non poder celebrarse unha das carreiras, por causa de forza maior, a entidade solicitante terá ata 10 días (dende o día da causa de forza maior) para propoñer á FGA unha nova data que será comunicada á Deputación para a súa aprobación. De non facelo neste prazo, causará baixa e quedará excluída do circuíto. Esta exclusión implica a inhabilitación da entidade solicitante para participar durante dous anos no circuíto provincial de carreiras populares, caso de ser convocado pola Deputación provincial.

A inclusión dunha nova carreira, farase mediante resolución da Presidencia.

3. DESENVOLVEMENTO E NORMATIVA DAS COMPETICIÓNS

En todas as probas desenvolveranse carreiras seguindo a categorías indicadas nas bases do circuíto para todas as categorías: desde as inferiores ata as veteranas.

O "*XI Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña*", estará controlado técnicamente pola Federación Galega de Atletismo, a través das súas delegacións na Coruña, Santiago de Compostela e Ferrol, así como polo Departamento de Estatística da Federación Galega de Atletismo.

As carreiras populares que integran o circuíto están suxeitas aos criterios mínimos obrigados que se establecen oficialmente para a organización de carreiras en ruta, aprobadas pola Xunta Directiva da Federación Galega de Atletismo e publicadas na circular número 68/2008.

As carreiras populares que formen parte do "*XI Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña*", deberán cumprir os seguintes requisitos de seguridade:

* Cumprimento da normativa necesaria para a realización do evento.

* Cumprimento das actuais normativas de seguridade viaria do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia que estipulan os requisitos que as autoridades esixen para a autorización da celebración de probas

deportivas na vía urbana, recollidos no Real decreto 1428/2003, do 21 de novembro, publicado no BOE nº 306, do 23 de decembro de 2003, sobre a ocupación da vía pública.

- * Peche ao tráfico do circuíto.
 - * Vehículos de apoio.
 - * Sinalización do itinerario.
 - * Vehículo de apertura e peche.
 - * Servizos sanitarios: médico e ambulancia.
 - * Persoal auxiliar.
 - * Contratación ou certificación da existencia dun seguro de responsabilidade civil do organizador
- * Contratación de un seguro de accidentes deportivos para os participantes das carreiras populares que formen parte do circuíto.

Así mesmo os concellos, como entidades organizadoras das carreiras, deberán axustarse nos seus regulamentos ás categorías sinaladas no apartado 1.- participantes-.

Para os efectos de confeccionar a clasificación do circuíto, a organización de cada carreira está obrigada a **enviar no prazo de 5 días despois do remate da carreira** os resultados de dita carreira en formato Excel ao seguinte enderezo de correo electrónico: competicion@atletismo.gal, facendo constar o DNI do participante e número de licenza en caso de ser maior de idade; En caso de que o participante sexa menor de idade a Federación otorgará un número de participación no X Circuito de Carreiras que será mantido ao longo de todo o Circuito.

Os devanditos resultados terán que **ter os seguintes datos**: nome, apelidos, data de nacemento, categoría, club, número de licenza e NIF.

Este incumprimento será motivo de exclusión da carreira do circuíto provincial de carreiras populares.

A organización resérvase a potestade de cambiar os percorridos definidos, probas convocadas ou modificar o regulamento, circunstancias que serán comunicadas aos participantes co tempo suficiente.

A organización de cada proba, así como os premios ou agasallos que cada organizador considere axeitado contemplar na súa proba, son independentes da organización deste circuíto, e serán proporcionados polos concellos como entidades organizadoras.

Ningún/ha atleta federado/a poderá competir con outro club que non sexa o que figure na súa licenza correspondente. No caso de que se producise esta situación, o/a atleta será descualificado/a automaticamente. Por outra banda, os/as atletas que sexan sancionados por dopaxe, tampouco poderán optar aos premios por participación nas carreiras, nin a clasificacións en ningunha das probas que compoñen o circuíto, nin á clasificación final do circuíto. Do mesmo modo, ningún/ha atleta que se inscriba

como integrante dun club, poderá formar parte doutro club durante o desenvolvemento de ningunha das probas que integran o circuíto.

A participación no “*XI Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña*”, non supón ningún dereito nin privilexio respecto das normas e regulamentos esixidos na convocatoria de cada unha das probas, polo que cada corredor/a terá que aceptar as bases que regulen as competicións de cada unha das probas que o integran.

As descualificacións de atletas nunha carreira levará aparellada a perda de todos aqueles puntos e posibles premios obtidas polo/a atleta infractor/a na proba de que se trate, e non serán tidas en conta para os efectos de puntuación do seu equipo.

Consideraranse as seguintes condutas antirreglamentarias do/a atleta:

✗ Non levar o dorsal perfectamente colocado en toda a súa extensión (no peito durante todo o percorrido) ata a súa entrada na meta.

✗ Participar cun dorsal que corresponde a outro corredor.

✗ Non pasar polos controis de carreira establecidos.

✗ Non realizar o percorrido de carreira completo.

✗ Non atender as indicacións dos membros da organización ou xuíces/zas.

✗ Entrar fóra da hora prevista pola organización como tempo máximo de duración da proba.

✗ Pretender participar na carreira popular sen terse inscrito previamente.

✗ Aquela conduta que sexa estimada como antideportiva, sempre que non sexa motivo de expulsión do circuíto.

✗ Calquera outra de análoga natureza, que a xuízo da organización da carreira poida ser considerada como conduta antideportiva merecedora de sanción disciplinaria.

✗ Ser reincidente nalgunha infracción de descualificación de carreira.

✗ Realizar a inscrición alterando os datos de forma maliciosa.

✗ Manter unha actitude groseira, violenta, ou que en xeral atente en contra do espírito deportivo.

✗ Calquera outra de análoga natureza, que a xuízo do Comité poidan ser consideradas como conduta antideportiva merecedora de sanción disciplinaria.

Nas respectivas carreiras o persoal organizador terá a potestade de esixir a identificación do participante, tanto na entrega de dorsais, como na entrega de premios ou agasallos. Ante a ausencia de documentación ou dúbida sobre ela, será a organización de cada carreira quen resolva a incidencia, autorizando ou denegando tanto a participación do/a atleta como a entrega dos premios ou agasallos por participación nas carreiras.

O **Comité Organizador** estará integrado por:

Presidente/a: Persoa designada pola Deputación Provincial da Coruña.

Vicepresidente/a: presidente da FGA ou persoa na que delegue.

Vogais:

Un/ha representante da organización de cada unha das probas do circuito.

Un/ha representante das delegacións da FGA en Ferrol, Santiago de Compostela e A Coruña.

Un/ha representante dos concellos no que se desenvolverán as probas que compoñen o circuito.

A súa función principal será resolver aspectos organizativos para garantir o bo desenvolvemento de cada unha das probas.

Este comité reunirse só en caso de necesidade e a súa función fundamental será resolver cuestións técnicas que se produzan nas distintas probas e que poidan afectar ao circuito (anomalías na participación, clasificacións, etc.)

O Comité de Competición do “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*”, actuará logo de denuncia presentada por escrito nos 3 días seguintes á carreira na que se cometeu a infracción, a través das canles proporcionadas pola Federación Galega de Atletismo.

Examinada a denuncia polo Comité, trasladarase a dita denuncia á persoa interesada para que, nos 5 días seguintes, realice as alegacións oportunas.

Transcorrido o prazo, con ou sen presentación de alegacións, o Comité resolverá o que proceda; sendo a súa decisión única e inapelable.

O Comité resérvase o dereito de actuar de oficio cando concorran causas excepcionais que así o aconsellen.

Toda a información sobre o circuito, as clasificacións parciais de cada unha das probas poderanse consultar nas seguintes páxinas web: www.atletismo.gal , e www.carreirasgalegas.com ou ben na páxina oficial da Deputación Provincial da Coruña www.dacoruna.gal.

4.- PREMIOS.

En cada unha das carreiras que integran o circuito haberá premios por participación nas carreiras aos mellores clasificados individuais para os/as tres primeiros/as clasificados/as en cada carreira, segundo a súa categoría, ou outros posibles premios ou agasallos que serán determinados e achegados pola organización de cada carreira. Estes premios ou agasallos que cada organizador considere axeitado contemplar na súa proba, son independentes dos da organización deste circuito, e serán proporcionados polos concellos, como entidades organizadoras.

Os premios por participación nas carreiras aos mellores clasificados do “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*”, outorgaranse ás clasificacións individuais e por clubs, tras o cómputo de todas as probas que compoñen o circuito, de acordo co seguinte:

Clasificación individual: Haberá dúas categorías:

1.- *Categoría Absoluta:* Outorgaranse premios en metálico e trofeo aos/ás tres primeiros/as gañadores/as da categoría absoluta para homes e para a categoría absoluta para mulleres.

2.- *Categoría Menores e Máster:* Outorgaranse trofeos aos/ás tres primeiros/as gañadores/as das categorías de menores e de veteranos/as.

Para poder optar aos premios da Clasificación Xeral Individual (só na categoría absoluta), no “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*”, os/as atletas deberán ter participado como mínimo en 20 das carreiras celebradas no 2025.

Esta clasificación estará determinada pola posición acadada en cada carreira.

Puntuarán en cada carreira os/as 10 primeiros/as, outorgando 10 puntos ao/á primeiro/a; 9 puntos ao/á segundo/a..... e así sucesivamente ata o/a décimo/a que terá 1 punto.

Ao final do “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*”, sumarase a puntuación de cada participante nas diversas carreiras para establecer a clasificación xeral.

Clasificación por clubs: Haberá dúas categorías:

1.- *Categoría por club de Menores:* cómputo total de participantes de cada club nas categorías Sub10, Sub12, Sub14, Sub16 e Sub18 nas diferentes carreiras que compoñen o circuito.

Outorgaranse trofeos aos/ás tres primeiros/as gañadores/as das categorías de menores.

2.- *Categoría por club Absoluta:* cómputo total de participantes de cada club no resto de categorías (que non sexan as categorías para menores) nas diferentes carreiras que compoñen o circuito.

Outorgaranse premios por participación nas carreiras, e trofeo aos/ás tres primeiros/as gañadores/as da categoría absoluta para homes e para a categoría absoluta para mulleres.

Na categoría de Clubs valorarase o número de participantes de cada club nas diferentes carreiras independentemente do posto dos seus/súas compoñentes en cada unha delas.

Sistema de clasificación por clubs		
Por número de participantes en cada carreira. Outorgarase 1 punto por cada atleta do club que finalice a proba		Pola clasificación xerada en cada carreira. Consideraranse os/as 50 primeiros/as clasificados/as en cada categoría e proba.
Sub10	1 punto	1: 50 puntos
Sub12	1 punto	2: 49 puntos
Sub14	1 punto	3: 48 puntos
Sub16	1 punto	4: 47 puntos
Sub18	1 punto	5: 46 puntos
Sub20	1 punto	6:45 puntos
Sub23	1 punto	7: 44 puntos
Sénior	1 punto	(.../...)
Máster 1	1 punto	47: 4 puntos
Máster 2	1 punto	48: 3 puntos
Máster 3	1 punto	49: 2 puntos
Máster 4	1 punto	50: 1 punto

Sumaranse o número total de puntos obtidos en todas as probas do circuíto e establecerase a clasificación xeral dos clubs, proclamándose vencedor do “*XI Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña*”, o club que máis puntos obteña, e así sucesivamente.

Para a clasificación por clubs será necesario que o equipo participe como mínimo en 20 das carreiras celebradas no 2025 que compoñen o circuíto, tanto na categoría de Menores (Sub 10, Sub12, Sub 14, Sub 16, Sub 18 como na categoría Absoluta (resto das categorías, maiores de 18 anos).

Non se puntuarán a nivel de club aqueles deportistas que na súa inscrición non fagan constar a que club pertencen.

Se nas diversas clasificacións do “*XI Circuíto de Carreiras Deputación da Coruña*”, dous/dúas ou máis atletas ou clubs estiveran empatados a puntos, a orde de clasificación entre eles/as determinarase polo

maior número de primeiros postos comparados entre ambos nas diferentes carreiras disputadas, proclamándose vencedor/a aquel que obtivera mellores postos.

No caso de haber máis dunha carreira absoluta soamente se puntuará a de maior distancia.

Importe dos premios por participación nas carreiras aos mellores clasificados. (que aboará a Deputación)

A Deputación destina un total de 7.950 € para o pago de premios por participación nas carreiras aos mellores clasificados participantes no “XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña”, de acordo co seguinte:

3.600 € para premios aos clasificados/as individuais da categoría absoluta (homes e mulleres).

3.600 € para premios aos clasificados/as por clubs da categoría absoluta (homes e mulleres).

750 € para premios aos clasificados/as por clubs da categoría de menores.

PREMIOS ÁS CLASIFICACIÓNS INDIVIDUAIS	
Categoría absoluta homes	Categoría absoluta mulleres
1º: 800 € e trofeo	1ª: 800 € e trofeo
2º: 600 € e trofeo	2ª: 600 € e trofeo
3º: 400 € e trofeo	3ª: 400 € e trofeo
Categorías menores e máster homes	Clasificación por categorías menores e máster mulleres
Trofeo a 1º, 2º e 3º sub10, sub12, sub14, sub16; sub18; máster1, máster 2; máster 3; e máster 4	Trofeo ao 1º, 2º e 3º sub10, sub12, sub14, sub16; sub18; máster1, máster 2; máster 3; e máster 4
PREMIOS POR CLUBS	
Categoría absoluta homes	Categoría absoluta mulleres
1º: 800 € e trofeo	1ª: 800 € e trofeo
2º: 600 € e trofeo	2ª: 600 € e trofeo
3º: 400 € e trofeo	3ª: 400 € e trofeo
Menores homes (sub10, sub12, sub14, sub16, sub18)	Menores mulleres (sub10,sub12, sub14, sub16, sub18)

1º: 150 € e trofeo	1ª: 150 € e trofeo
2º: 125 € e trofeo	2º: 125 € e trofeo
3º: 100 € e trofeo	3º: 100 € e trofeo

5. PAGOS

A Deputación aboará os premios mencionados na base anterior directamente ás persoas ou aos clubs participantes, en función da clasificación obtida.

Coa finalidade de percibir os premios por participación nas carreiras, que se aboarán mediante transferencia bancaria, as persoas ou os clubs participantes deberán entregar, á entidade adxudicataria do contrato de coordinación das carreiras que integran o “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*”, a seguinte documentación:

* Designación da conta bancaria na que se efectuarán os aboamentos, conforme ao modelo normalizado que figura na páxina web: https://www.dacoruna.gal/files/3316/3955/7053/MODELO_DESIGNACION_CUENTA_BANCARIA_GALEG_O.pdf

Achegarán ademais certificación de titularidade da conta seguindo as instrucións que figuran neste modelo.

* Autorización para que a Deputación poida obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Tesourería da Seguridade Social e da Deputación Provincial da Coruña, nas que se acredite que está ao corrente nas súas obrigas.

* Autorización para que a entidade adxudicataria do contrato de coordinación das carreiras que integran o “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*”, poida facilitar á Deputación Provincial da Coruña os seus datos persoais, coa finalidade de organizar o acto de entrega de trofeos na sede da Deputación.

* Autorización á entidade adxudicataria do contrato de coordinación e realización para presentar na Deputación Provincial a documentación requirida para o aboamento do premio.

* NIF do club/persoa participante.

* Enderezo de correo electrónico do club/persoa participante de notificación.

A Deputación fixará un día e lugar para a celebración da gala de entrega de trofeos na que se entregarán os trofeos dos mellores clasificados individuais e por equipos do “*XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña*”.

6.- GASTOS FEDERATIVOS

A Deputación Provincial da Coruña destina un importe máximo de 700 €/carreira, a cada unha das entidades organizadoras das carreiras, como compensación polos gastos que obrigatoriamente ten que contratar coa Federación Galega de Atletismo para a participación no evento.

Estes gastos correspóndense cos seguintes conceptos:

Canon da carreira

Gastos de xuíces/zas á carreira (desprazamentos, axudas de custo, e honorarios)

Tramitación de licenza de día (seguros) realizados polos inscritos só para a participación no evento

Esta asignación será descontada da liquidación dos gastos que a Federación Galega de Atletismo realice ás entidades organizadoras das carreiras populares.

7.- OBRIGAS DOS CONCELLOS ORGANIZADORES

- As carreiras seleccionadas deben cumprir os requisitos establecidos nestas bases.

- Os concellos organizadores deberán facer constar na cartelería e outros medios de difusión das carreiras, de forma notoria, o logotipo da Deputación Provincial da Coruña xunto coa lenda “XI Circuito de Carreiras Deputación da Coruña”, así como facilitar a colocación de arco de meta da Deputación e aqueles elementos identificativos que se faciliten.